

**Acta da Sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira o
día 17 de Xullo do 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:05 do día Dezasete de Xullo do Dous mil vinte e cinco, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 10/07/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202507/119

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 08/07/2025. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO CON DISTINTIVO AMBIENTAL PARA A POLICÍA LOCAL DE RIBEIRA"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202507/125

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/07/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA CASTELAO"

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202507/126

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/07/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO VILAR-VIXÁN"

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202507/161

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 11/07/2025. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE SUMINISTRO PARA LA EJECUCIÓN DEL PLAN INTEGRAL DE SEÑALIZACIÓN TURÍSTICA DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA"

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202507/169

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/07/2025. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS Á LICITACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DO SISTEMA DE CARTELARÍA DIXITAL DO CONCELLO DE RIBEIRA"

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202507/225

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 15/07/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MASAXE, SOCORRISMO, CONSERXERÍA, MONITORADO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS, ASESORAMENTO EN SALA DE FITNESS, DINAMIZACIÓN DA PISTA PADEL, MANTEMENTO PISCINA E COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE MONITORADO DO DEPARTAMENTO DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBEIRA"

8.- SOLICITUDE DE BAIXA NO VIVEIRO DE EMPRESAS - DESPACHO Nº 10 - Rodrigo Álvarez Álamo

Visto contrato de cesión dun despacho no Viveiro de Empresas propiedade do Concello de Ribeira, situado no lugar de Fafián nº 29 de Ribeira, asinado o 14/10/2021, no que se lle cede o despacho sinalado co número 10 a Rodrigo Álvarez Álamo e os dous anexos ao contrato inicial asinados o 11/10/2023 e o 11/10/2024 respectivamente de prórrogas da cesión do citado despacho.

Vista a cláusula Terceira do contrato: "(...) Para resolver o contrato anticipadamente ao vencemento contratado, O CESIONARIO deberá notificalo ao Concello de Ribeira, de xeito fidedigno ata o 15 do mes anterior ao que vaia a surtir efectos a baixa".



Visto o escrito presentado por D. Rodrigo Álvarez Álamo, con DNI 71.025.456F, de data 09/07/2025, que tivo entrada no concello de Ribeira o 09/07/2025 e con número de rexistro de entrada 202516927, no que **EXPÓN**: “RODRIGO ÁLVAREZ ÁLAMO, CON DNI 71025456F Y ESTANDO EN POSESIÓN DEL CONTRATO DE ARRENDAMIENTO DEL DESPACHO Nº10 DEL VIVEIRO DE EMPRESAS PERTENECIENTE AL CONCELLO DE RIBEIRA, SITO EN LUGAR DE FAFIÁN Nº29, DESDE EL 16 DE OCTUBRE DE 2021 Y CUYA FECHA DE EXTINCIÓN DEFINITIVA ESTABA PREVISTA PARA EL 15 DE OCTUBRE DE 2025”, e no que **SOLICITA**: “LA DECISIÓN DE RESOLVER EL CONTRATO DE ARRENDAMIENTO DE MANERA ANTICIPADA EL DÍA 31 DEL MES DE JULIO DE 2025 DE ACUERDO A LA ESTIPULACIÓN TERCERA DEL CONTRATO DE ARRENDAMIENTO EN LA QUE SE ESPECIFICA “PARA RESOLVER O CONTRATO ANTICIPADAMENTE AO VENCEMENTO CONTRATADO, O CESIONARIO DEBERÁ NOTIFICALO AO CONCELLO DE RIBEIRA, DE XEITO FIDEDIGNO ATA O 15 DO MES ANTERIOR AO QUE VAIA A SURTIR EFECTOS A BAIXA”.

Por todo o exposto anteriormente, vista a proposta de resolución da Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva María Betanzos Fernández, de data 12/07/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presents, **ACORDA**:

- Aprobar a baixa no Viveiro de Empresas de Rodrigo Álvarez Álamo, con DNI 71.025.456F que ocupaba o despacho número 10 con data de efectos do 31/07/2025, xa que como establece o seu contrato a baixa hai que avisala ata o 15 do mes anterior ao que vaia a surtir efectos.
- Notifíquese aos interesados e dese conta ao departamento de tesourería

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16018 30.06.2025 COMUNIDAD PROPIETARIOS EDIFICIO RIO AZOR, reparación de cuberta por filtracións, na rúa Río Azor, nº 2, Palmeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5289 05.03.2025 JUAN MANUEL GARCÍA SOBRIDO, rehabilitación de cuberta, no lugar de Eirexa, 45, Olveira.

11.- LICENZA MUNICIPAL PARA DEMOLICIÓN DE DÚAS EDIFICACIÓNS AUXILIARES E REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA TERCEIRA. UBICACIÓN: LUGAR DE BRETAL, Nº 264 OLVEIRA, RIBEIRA. PROMOTOR: RAMÓN CALVO CANIVE

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **DEMOLICIÓN DE DÚAS EDIFICACIÓNS AUXILIARES E REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA TERCEIRA**, lugar de Bretal, nº 264, Olveira, Ribeira da que é promotor **D. Ramón Calvo Canive**.



EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes** do **arquitecto municipal de data 25 de xuño de 2025** e do **secretario xeral da Corporación de data 7 de xullo de 2024**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Ramón Calvo Canive licencia urbanística (**Nº 39/25**) para **DEMOLICIÓN DE DÚAS EDIFICACIÓNS AUXILIARES E REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA TERCEIRA**, lugar de Bretal, nº 264, Olveira, Ribeira, según **proxecto de reforma e ampliación** de edificación auxiliar existente para garaxe e **demolición** de 2 edificacións auxiliares redactado polo arquitecto técnico Don Jose Manuel Nieto Olveira, asinado dixitalmente o día 9 de xuño de 2023, e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 20230014181, o día **9 de xuño de 2023**, así como **anexo ao proxecto de reforma e ampliación** de edificación auxiliar existente para garaxe e **demolición** de 2 edificacións auxiliares e estudio básico de seguridade e saúde, redactado polo arquitecto técnico Don Jose Manuel Nieto Olveira, sen sinatura dixital, e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira, co número 202400014859, o día **10 de xuño de 2024** e os **planos** de planta, emprazamento, alzados e sección, do estado actual e proxectado, cos números G03.2, G04.1.1, G04.2.1, G07.1, G08.1, G10.1, presentados no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o **6 de maio de 2025**, co número de Rexistro 202500010449.

-Deberá adaptarse igualmente ó resto das determinacións técnicas impostas polo arquitecto municipal no seu informe de data 25 de xuño de 2025

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

- *Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*



- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, en tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

Os

servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar



expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

12.- LICENZA MUNICIPAL PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE. LUGAR:-RÚA REAL, 4, CORRUBEDO, RIBEIRA. PROMOTOR: JOSÉ FRANCISCO GÓMEZ SUÁREZ.

VISTA a solicitude de licenza de obra maior para **DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE, NO LUGAR DE RÚA REAL 4, CORRUBEDO, RIBEIRA**, da que é promotor **D. JOSÉ FRANCISCO GÓMEZ SUÁREZ**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** de data **16 de xuño de 2025**, e do **secretario xeral da Corporación** de data **4 de xullo de 2024**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. JOSÉ FRANCISCO GÓMEZ SUÁREZ** licenza de obra maior (**Nº 40/25**) para **DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE, NO LUGAR DE RÚA REAL 4, CORRUBEDO, RIBEIRA**, según **proxecto de demolición** redactado polo arquitecto Don Manuel J. Domínguez Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 26 de decembro de 2024, co número de visado 2406369,2, e presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o día **14 de xaneiro de 2025**, co número de rexistro 202500000878.

-Deberá adaptarse ó resto das determinacións impostas polo arquitecto municipal no seu informe de data 16 de xuño de 2025.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.



TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de eficiencia enerxética.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*



- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÈTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.



- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

13.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Eduardo Gunche López-Doriga

Visto o escrito presentado por **Eduardo Gunche López-Doriga**, de data 07/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.705), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A014003960000KH, situada en LG CAPELA S/N- CARREIRA RIBEIRA (A CORUÑA).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 09/07/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: GUNCHE LOPEZ-DORIGA EDUARDO

NIF: ***482***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: LG CAPELA S/N- CARREIRA.

Ref. Catastral: 15074A014003960000KH

Plano do PXOM: Planos nº 6.1 e 2.15 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0507 do PBA.

Plano do INVENTARIO: Planos do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do26 de febreiro de 2018.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 07.07.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: 202516705), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Solicitude do interesado
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Plano de referencia catastral.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.



De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01. Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópanse en con dúas normativas de Aplicación o Fronte o solo urbano Ordenanza 6.3 (tipo A) - Residencial extensiva unifamiliar asilada.

A parte do terreo clasificado como solo urbano aplicáselle integramente o exposto no PXOM para esa norma De conformidade Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) o solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado; e a parte clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Núcleo Rural**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 c) da LSG, ao solo incluído nos ámbitos de núcleos rurais o nas delimitacións. Do solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia e tolerancia, aplicáselle integramente o disposto no planeamento respectivo, salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 da presente lei.

05.02. Réxime de cesións o inventario:

Segun o establecido para o Solo Urbano e de Núcleo Rural na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, artigo 24 e 36 correspondentemente.

Artigo 36 do RLGS....2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar totalmente as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización da vía necesaria (artigo 24.2 da LSG).

3. No caso de construción de edificios de nova construción ou cambio de uso dos existentes ou rehabilitación integral, tamén terán que realizar pola súa conta a conexión cos servizos existentes no núcleo (artigo 24.3 da LSG).....

- Segun o PXOM e o inventario o acceso a parcela e atraves duas vías públicas en esquina.

No caso que nos compete, comprobase que a parcela linda cos viais públicos do inventario. Polo tanto segun o artigo 36, nos supostos anteriormente citados é obrigatorio ceder o terreo fora das alienacións

05.03. Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- Segun PBA: Non presenta ningunha.
- Segun a concesionaria de Desague e Auga o ben inmovible conta con lineas polo seu frente.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición / Reforma / Ampliación / Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.



1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m²/ Tipo B: 1.000 m²/ Tipo C: 1.000 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C: 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m² · Tipo B: 0,4 m²/m² · Tipo C: 0,4 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.


Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo




quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.


Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.



Plano nº 6.1 do PXOM. SÓLO URBANO.



Plano nº 2.15 do PXOM.



Folla 0151A-0507 do PBA





Planos nº A-13 do Inventario Catalogo PXOM



Planos concesionaria de Viacua donde esta as Canalizacións de Saneamento e Auga.

14.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - José Antonio García Cores

Visto o escrito presentado por **José Antonio García Cores**, de data 30/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.907), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A051004350000KI, situada en RUA COLEXIO nº 13- CORRUBEDO RIBEIRA (A CORUÑA).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 09/07/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: GARCIA CORES JOSE ANTONIO
NIE: ***469***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: RU COLEXIO nº 13- CORRUBEDO.
Ref. Catastral: 15074A051004350000KI

Plano do PXOM: Planos nº 7-1 e 2.10 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0305 do PBA.



Plano do INVENTARIO: Planos do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 30.06.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: 202515907), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Solicitude do interesado
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Plano de referencia catastral.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópanse en con dúas normativas de Aplicación o Fronte o solo urbano Ordenanza 6.3 (tipo A) - Residencial extensiva unifamiliar asilada.

A parte do terreo clasificado como solo urbano aplicáselle integramente o exposto no PXOM para esa norma De conformidade Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) o solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado; e a parte clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Núcleo Rural**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 c) da LSG, ao solo incluído nos ámbitos de núcleos rurais o nas delimitacións. Do solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia e tolerancia, aplicáselle integramente o disposto no planeamento respectivo, salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 da presente lei.

05.02.Réxime de cesións o inventario:

Segun o establecido para o Solo Urbano e de Núcleo Rural na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, artigo 24 e 36 correspondentemente.

Artigo 36 do RLGS....2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar totalmente as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización da vía necesaria (artigo 24.2 da LSG).

3. No caso de construción de edificios de nova construción ou cambio de uso dos existentes ou rehabilitación integral, tamén terán que realizar pola súa conta a conexión cos servizos existentes no núcleo (artigo 24.3 da LSG)....

- Segun o PXOM e o inventario o acceso a parcela e atreves dunha vía publica.



No caso que nos compete, comprobase que a parcela linda cos viais públicos do inventario. Polo tanto segun o artigo 36, nos supostos anteriormente citados é obrigatorio ceder o terreo fora das alienacións

05.03. Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- Segun PBA: Non presenta ningunha.
- Segun a concesionaria de Desague o Ben inmueble conta con líneas polo seu frente.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición / Reforma / Ampliación / Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m²/ Tipo B: 1.000 m²/ Tipo C: 1.000 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C: 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m² · Tipo B: 0,4 m²/m² · Tipo C: 0,4 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen



acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.


Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.


Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.




Plano nº 7.3 do PXOM. SÓLO URBANO.





Plano nº 2.10 do PXOM.



Plano nº 0151A-0305 do PBA.



Planos concesionaria de Viacua donde esta as Canalizacións de Saneamento a Auga xestiona a comunidade de usuarios de Augas de Corrubedo.



15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – María del Pilar Martínez Martínez

Visto o escrito presentado por **María del Pilar Martínez Martínez**, de data 08/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.932), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A902000060000UG, situada en LG PONTE POLÍGONO 902 PARCELA 6- ARTES RIBEIRA (A CORUÑA).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 10/07/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: MARTINEZ MARTINEZ MARIA DEL PILAR
NIF: ***525***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: LG PONTE POLÍGONO 902 PARCELA 6- ARTES

Ref. Catastral: 15074A902000060000UG

Plano do PXOM: Planos nº 2.12 + 8.2 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0505 do PBA.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 09.07.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 202516932), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Solicitude do interesado
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.<<
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para a que solicita información atópanse en solo de Núcleo Rural.

A parcela consultada atópanse en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Núcleo Rural correspondente coa Ordenanza C2, Norma do solo de núcleo rural pouco consolidado. SNR-C2**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 c) da LSG, ao solo incluído nos ámbitos de núcleos rurais o nas delimitacións. Do solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia e tolerancia, aplicáselle integramente o disposto no planeamento respectivo, salvo no que se refire as edificacións



tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 da presente lei.

05.02.Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atopárase:

- Afectada parcialmente polo Norte por Infraestruturas (Vías DP 7304)
- Afectada dentro de Parques naturais (Parque Natural de Corrubedo)
- Afectada por zona de policía de Augas de Galicia.

Da consulta do POL, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atopárase:

- Non e de aplicación.

Da consulta do PRUX, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atopárase:

- Clasificada como zona III – Uso Xeral.

05.03.Réxime de cesións o inventario:

Da consulta o inventario o acceso a parcela atopárase:

- Segun o PXOM e o inventario o acceso a parcela e atreves dunha vía publica (Nº 173) polo seu frente.

Segun o establecido para o Solo de Núcleo Rural na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, artigo 24 e 36 correspondentemente.

Artigo 36 do RLGS....2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar totalmente as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización da vía necesaria (artigo 24.2 da LSG).

3. No caso de construción de edificios de nova construción ou cambio de uso dos existentes ou rehabilitación integral, tamén terán que realizar pola súa conta a conexión cos servizos existentes no núcleo (artigo 24.3 da LSG).....

No caso que nos compete, comprobase que a parcela linda cos viais públicos do inventario. Polo tanto segun o artigo 36,nos supostos anteriormente citados sería obrigatorio Ceder o terreo fora das alienacións

A continuación transcribese o teor literal da ordenanza de aplicación:

SNR-C - Definición. Norma zonal S.N.R.-C2

Corresponde esta norma zonal las áreas de los núcleos rurales delimitados en los planos de ordenación, lindantes y / ó incluidos en el complejo dunar de Corrubedo, en una superficie máxima de 200 m. lineales medidos desde los núcleos existentes hacia el interior del parque y desde la carretera o zona límite del parque, y sin que en ningún caso se pueda sobrepasar la zona IV recogida en el PORN del Parque Natural.

Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación.

Obras admisibles

Serán obras admisibles las de:

Conservación / Consolidación / Rehabilitación / Restauración / Ampliación / Obra nueva

Usos globales, característicos, y admisibles

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán usos dotacionales que guarden relación con la naturaleza.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada. Se mantendrá el tipo de edificación existente en el entorno, no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del entorno.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 2.000 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie.

Frente mínimo: Será de 10 m.

Condiciones de ocupación

Posición: La posición de la edificación quedará retranqueada:

Respecto a los linderos 3 metros, se permitirá adosar a linderos en los casos en los que exista edificación anterior a la publicación de esta normativa.

Respecto del frente del camino con un mínimo de 6 metros del eje.

Ocupación máxima en la parcela:

La ocupación máxima será del 10 % de la parcela total y con un máximo de 200 m² útiles construidos.

Condiciones de edificabilidad.



Edificabilidad máxima: 0,15 m²/m²

Altura de la edificación

Número plantas: bajo + una, permitiéndose la utilización del bajo cubierta, computando edificabilidad todos aquellos especiales de altura superior a 1,50 m. Se permite además la construcción de planta sótano.

Altura máxima de cornisa: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 sobre el último forjado.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Solo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro.

En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 80 % de su superficie.

Balcones: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelos permitido con balcones y terrazas. En el resto de los caso su dimensión máxima será de 0,6 m.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación a partir de 30 m². Siempre en una solo planta, con una altura máxima de 3 metros.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,3 metros.

Condiciones ambientales y estéticas.

La intención es la de tener una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Saneamiento: Para conceder licencia de viviendas en la parte de los núcleos de aplicación de esta ordenanza, deberá resolverse adecuadamente el saneamiento de aguas residuales, con especial cuidado en la franja lindante con las lagunas de Carregal y Vixán, siendo imprescindible la adecuada evacuación y tratamiento de las aguas residuales en todo el ámbito del espacio protegido, para lo cual deberá redactarse el Plan Especial correspondiente.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones

tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar., excepto tipo split.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Cubiertas: Se realizarán con soluciones a dos aguas.

Si bien se pretende que el material empleado preferentemente sea de teja cerámica, se admiten también otros siempre que su color se mantenga entre marfil-crema-marrón, excepto pizarras y fibrocemento visto.

Las terrazas podrán tener antepechos de fábrica ciega del mismo material que la fachada, o barandas como las determinadas en el apartado anterior.

Los aleros podrán invadir en un máximo de 50 cm de vuelo las líneas de edificación que se definen al aplicar las ordenanzas de retranqueos, distancias a linderos y vuelos cerrados y abiertos.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Para ello, la edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela, no pudiendo pavimentarse más del 40% del superficie de la parcela (incluidas las edificaciones y en su caso la ocupación de la piscina), debiendo plantarse especies propias de la zona.


En las edificaciones, salvo en su caso el frente de la misma, no se recogerán las aguas pluviales, por lo que las cubiertas se proyectarán sin canalones ni bajantes y con aleros como máximo de 50 cm.

Los cierres podrán realizarse con setos con especies arbustivas autóctonas de gran porte (laurel, érbedo, acebo, etc..)


Aparcamientos: Se exigirá la creación de un aparcamiento, dentro del terreno de la propia parcela, por cada vivienda, con acceso desde la vía rodada, pudiendo estar cubierto o no.




A continuación adjuntaxe a cartografía de aplicación:



Plano nº 8.2 do PXOM.




Plano nº 2.12 do PXOM.



Plano nº 0151A-0505 do PBA





Plano nº BE04 do POL.



Planos nº A-13 do Inventario Catalogo PXOM



Plano de lineas Xerais Agua Potable e Saneamento.

16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Pescados Ernesto y María, S.L.

Vistos os escritos presentados por Martín Vidal Botana en representación de **Pescados Ernesto y María, S.L.**, de datas 26/06/2025 e 08/07/2025 (Rexistros de entrada nº 15.727 e 16.840), nos que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL **0721501NH0102S0108DE** UBICADO neste termo municipal (**PORTO PESQUERO-PZ DA LONXA, 0004, BLOQUE C, 15960, RIBEIRA, A CORUÑA**).



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 04/07/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0721501NH0102S0108DE UBICADO neste termo municipal (PORTO PESQUERO-PZ DA LONXA, 0004, BLOQUE C, 15960, RIBEIRA) non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

17.- VAO PERMANENTE - Marina Pillado Domínguez

Visto o escrito presentado por **Marina Pillado Domínguez**, de data 03/07/2025 (Registro de entrada nº 16.408), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Luis Seoane (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/07/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Marina Pillado Domínguez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Luis Seoane (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

18.- VAO PERMANENTE – The Logistic Box Premium

Queda sobre a mesa os escritos presentados por Ana Outeiral Martínez en representación de **The Logistic Box Premium**, de datas 16/09/2024, 20/09/2024 e 02/06/2025 (Registros de entrada nº 23.014, 23.560 e 12.897), nos que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa García Bayón, nº 1 (Ribeira); así como o informe de data 16/09/2024 emitido pola Policía Local, e o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 27/06/2025.

19.- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DE MEDIOS PARA A CELEBRACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DE NATACIÓN DE AUGAS ABERTAS “AROUSAMAN MANOLO O NACHO 2025”

Vista a proposta de Antía Alberte Maneiro, Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal, no que expón:



“

- Recíbese petición de Juan Ramón Martínez Saíña ó 19 de maio de 2025, entrada no Rexistro electrónico municipal 2025 11524, en nome da entidade ADC Arousaman, interesado en dispor das instalacións do Auditorio Municipal de Ribeira ó vindeiro 25 de xullo de 2025 con motivo de celebrar o evento solidario *Falando entre Olas*.
- Na data de 11 de xuño de 2025 engádese o dossier no que consta obxectivos, participantes, escaleta do evento e tratamento así como información sobre os poñentes.
- Este evento celébrase cada dous anos, nesta ocasión coincidindo coa travesía de augas abertas terá lugar o día anterior a proba.
- Consultado a axenda de usos do Auditorio Municipal de Ribeira.
- Conscientes de que se trata dun evento solidario, un espazo para falar do dano cerebral adquirido, dende a natación e o deporte: contradecendo realidades, compartindo experiencias e fomentando a inclusión e a preservación do espazo natural, como consta no dossier, e no que está previsto a intervención de varios poñentes nos diferentes campos como a natación, educación ambiental e nutrición entre outros a través do que se busca xerar conciencia sobre o dano cerebral ao tempo que persegue mellorar a calidade de vida das persoas con DCA e as súas familias, promovendo a súa integración social e defendendo os seus dereitos.

En consecuencia, informo favorablemente da disposición de Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira ó 25 de xullo de 2025 á Asociación ADC Arousaman para celebrar o evento solidario *Falando entre olas* da VI Travesía Arousaman conforme o apartado da escaleta de intervencións.

Colaboración municipal prevista:

- Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira. Avda. Constitución-Ribeira
- Dado que se trata dun día festivo dispor de servizo externo de conserxería que se encargará da apertura, acceso e peche da instalación nos horarios que seguen.

Condicións de USO:

- a) Comprométese o solicitante a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- b) En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- c) Respetar o aforo das instalacións municipais (Salón Principal de 477 espectadores, debendo respetar a Fila 9 reservada como espazo Inclusiva) e Sala Polivalente de 120 espectadores respectivamente).
- d) Será necesario dispor de asistencia técnica.
- e) Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros)."

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos preasentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

- Autorizar o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira ó 25 de xullo de 2025 a entidade solicitante ADC Arousam para celebrar o evento solidario *Falando entre olas* da VI Travesía Arousaman conforme o apartado da escaleta de intervencións.



- Autorizar o servizo externo de conserxería, ao tratarse dun día festivo, que se encargue da apertura, acceso e peche da instalación (11:00 - 14:00 / 16:00 - 22:00 horas).
- Trasladar esta petición á area municipal de Deportes para que atenda a asistencia do servizo técnico de son, iluminación e audiovisuais na execución do evento nesta instalación o día 25 de xullo de 2025 no horario que vai de 11.00-13.00 e 17.30 a 21.30 horas.

20.- CESIÓN CAMPO SINTÉTICO DA FIEITEIRA Á ASOCIACIÓN DE PERUANOS RESIDENTES E RIBEIRA, PARA A CELEBRACIÓN DUN CAMPIONATO DE FÚTBOL

LOGO DE VER que D. Freddy Edgar Luera Abad, en representación da Asociación de Peruanos Residentes en Ribeira, presenta escrito de data 18-06-2025, con número de rexistro de entrada municipal 14.979, solicitando o campo sintético da Fieiteira para a celebración dun campionato de fútbol 8.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
2. O Campo Municipal da Fieiteira, non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 14-07-25, e do concelleiro delegado de deportes, de data 14-07-25, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión campo municipal da Fieiteira á Asociación de Peruanos Residentes en Ribeira, para a celebración dun "campionato de fútbol 8", cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- Esta autorización concédese para o **26 de xullo de 2025, de 12.00 a 21.00 horas**.
- Os organizadores deberán poñerse en contacto co departamento de deportes do Concello de Ribeira para coordinar a apertura das instalacións do campo sintético da Fieiteira.
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos e actividades deportivas nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes de espectadores e participantes,



así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación.

- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual da instalación entre outros).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

21.- AUTORIZACIÓN OCUPACIÓN DA ZONA TRASEIRA DAS PISTAS DEPORTIVAS DO “CASTRO” E OUTROS, AO CLUB CATRO VENTOS PARA O DESENVOLVEMENTO E CONTROL DUNHA REGATA DE WINDSURF

LOGO DE VER que D. Juan Parada Fernández, en representación do “Club Catro Ventos”, presenta escrito de data 07-05-2025. con número de rexistro de entrada municipal 10.601, argumentando:

“Que o Clube Windsurf 4 Ventos está a organizar a Regata Popular 4 Ventos para o sábado 9 de agosto en horario de 9h a 18 h na praia do Castro (Castiñeiras), para a cal

SOLICITA:

- *Ocupación na zona traseira das pistas deportivas da área verde de Punta Castro (zona Rosa dos Ventos). Esta localización ten unha vista directa ao campo de regata o que permite unha supervisión constante do desenvolvemento da regata e garante unha resposta rápida ante calquera eventualidade*
- *Suministro de corrente eléctrica*
- *Préstamo de megafonía (micro e altavoz) para comunicar a información clave como saídas e chegadas, instrucións de seguridade, resultados e manter informados aos participantes.”*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
2. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 14-07-25, e do concelleiro delegado de deportes, de data 14-07-25, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

Acceder ao solicitado polo Club de Windsurf Catro Ventos cos seguintes condicionantes:



- **Conceder autorización para ocupar a zona traseira das pistas deportivas do “Castro” en Castiñeiras** (Zona da “rosa dos ventos”) para o desenvolvemento dunha regata de windsurf na praia do Castro.
- Esta autorización concédese para o **9 de agosto de 2025** ao longo de toda a xornada.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado (Demarcación de Costas, Capitanía Marítima, Portos de Galicia,...).
- **Colocar un punto de luz preto da zona solicitada** (zona traseira da pista deportiva do “Castro”), para dar servizo aos organizadores do evento.
- **Prestar unha megafonía básica do departamento de deportes** para dar servizo durante o desenvolvemento do evento (os organizadores deberán revisar o material para ver se é adecuado ás súas pretensións).
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

22.- AUTORIZACIÓN TRAVESÍA A NADO “PRAIA DE COROSO AO CLUB NATACIÓN RIVEIRA

LOGO DE VER Dña. María Villar Loureiro, en representación do Club Natación Riveira, presenta escrito de data 09/06/2025, con número de rexistro de entrada municipal 13.847, solicitando:

“O DÍA 15 DE AGOSTO O CLUBE NATACION RIVEIRA CELEBRAMOS O 30 ANIVERSARIO DA TRAVESIA A NADO PRAIA DE COROSO. POR TODO ISTO SOLICITAMOS A COLABORACIÓN DO CONCELLO CUNHA AMBULANCIA, MEGAFONÍA E CAIXÓN DE PODIOS, VALLADO E COLABORACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL TANTO POR TERRA COMA POR MAR (SOBRE TODO É IMPORTANTE RESALTAR QUE NECESITAMOS APOIO POR MAR PARA COLOCAR AS BOIAS A PRIMEIRA HORA DA MAÑÁ COA DISTANCIA PERTINENTE SEGUNDO O REGLAMENTO. ASÍ MESMO SOLICITAMOS COLABORACIÓN CON MEDALLAS PARA OS PARTICIPANTES DE CATEGORÍA NON COMPETITIVA DE 400 METROS E 150 METROS.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS”

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.



3. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 14-07-25, e do concelleiro delegado de deportes, de data 14-07-25, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Sexa autorizada a **TRAVESÍA A NADO “PRAIA DE COROSO ao Club Natación Riveira** cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **15 de agosto de 2025** ao longo mañá.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- **Dar traslado ao GAEM da celebración do evento** (a colaboración deste corpo no desenvolvemento da actividade, será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- **Ceder o seguinte material durante a celebración do evento: 10 vallas, 1 podio e 1 megafonía para o desenvolvemento da proba.**
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que esta Alcaldía considere oportunas poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

23.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DUN RASTRILLO DE ANTIGÜIDADES E COLECCIONISMO

Vista a roposta de Antía Alberte Maneiro, Concelleira delegada de Cultura, Medio Ambiente e Mocidade, na que expón:

“

- *Recíbese petición de José Antonio Giménez Martínez, rexistro electrónico número 2025 00011420 de data 19/5/2025, interesando instalar un rastrillo de antigüedades e coleccionismo o vindeiro 10 de agosto de 2025 na Praza do Concello de Ribeira, en horario de 9.00 a 21.00 horas cunha ocupación de 50 metros, e no suposto de non poder ser nesta ubicación na Praza de Porta do Sol- Ribeira.*
- *Acompaña á solicitude:*
Fotocopia do DNI do interesado



Certificado de seguro e Recibo de pago do Seguro de Responsabilidade Civil anual (Allianz Seguros en vigor ata 31-01-2026)

Plano gráfico de ubicación e ocupación na Praza do Concello- Ribeira.

- *Engádesse ao expediente Informe da Policía Local sobre a viabilidade da ubicación interesada para celebrar este rastillo, asinado polo Inspector Xefe, José Manuel Bretal Laranga na data 11 de xullo de 2025.*
- *Á vista do antedito informe e consultado con outras áreas municipais, engádesse informe do Concelleiro delegado de Infraestructuras, Obras, Deportes, Transparencia e Participación veciñal, Xabier Vidal asinado na data 14 de xullo de 2025, no que consta que do 8 ao 10 de agosto do presente estará instalada na Praza do Concello unha carpa de 375 metros con motivo da promoción e degustación da gastronomía local na temporada estival.*

Por isto e tendo en conta a axenda de actividades no lugar Praza do Concello nesta data, 10 de agosto de 2025, propoño como lugar axeitado a Praza de Porta do Sol.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

- 1. Acordo para celebrar este Rastrillo de Antigüedades e Coleccionismo o domingo 10 de agosto de 2025 en horario de 9.00 a 21.00 horas na Praza de Porta do Sol de Ribeira, respectando os metros de ocupación solicitados (50 mts).**
- 2. Trasladar aos servizos económicos para que procedan á liquidación correspondente.**
- 3. Poñer en coñecemento do Corpo da Policía Local a celebración deste evento.**

24.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Soukiane Sba Tekrouri (MARRAKECH BAR)

VISTO o escrito presentados por **Soukiane Sba Tekrouri** en representación establecemento “Marrakech Bar” (Ribeira), de data 16/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.423), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Marrakech Bar” (Ribeira), o día 18/07/2025, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Soukiane Sba Tekrouri**, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Marrakech Bar” (Ribeira), o día 18/07/2025, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Marrakech Bar” (Ribeira) (**Soukiane Sba Tekrouri**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:



- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e*



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

VISTO o escrito presentados por **Fernando Varela Rodríguez** en representación establecemento “Bar Aloha” (Ribeira), de data 15/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.317), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), os días 17 e 18/07/2025, en horario de 22:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), os días 17 e 18/07/2025, en horario de 22:00 h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Aloha” (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*



- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

26.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Complejo Martínez Torres (A CASEIRA)

Visto o escrito presentado por **Complejo Martínez Torres, S.L.**, en representación do establecemento hostaleiro **A Caseira**, de data 16/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.365), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu



establecemento, os días 18/07/2025 ao 03/08/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18/07/2025 ao 03/08/2025.
- **Non poderán instalar autofalantes**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

27.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Sidi Randan El Id (A CAMBADESA)

Visto o escrito presentado por **Sidi Randan El Id**, en representación do establecemento hostaleiro **A Cambadesa**, de data 14/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.235), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 17 a 24/07/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 17 a 24/07/2025.
- **Non poderán instalar autofalantes**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

28.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Escuro Arume, S.L. (BAR TAGEN)

Visto o escrito presentado por **Escuro Arume, S.L.**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Tagen**, de data 14/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.244), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18, 20 e 21/07/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18, 20 e 21/07/2025.
- **Non poderán instalar autofalantes**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

29.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Lucía Vilas Patiño (CLANDESTINO)

Visto o escrito presentado por **Lucía Vilas Patiño**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Clandestino**, de data 14/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.165), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 18/07/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 18/07/2025.
- **Non poderán instalar autofalantes**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

30.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Felipe Fernández carracedo (EVENTOS SINGULARES APOLIMA)

Visto o escrito presentado por **Felipe Fernández Carracedo**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Penín**, de data 16/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.391), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, durante a celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, durante a celebración das Festas da Dorna.
- **Non poderán instalar autofalantes**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

31.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Jorge Petrovich Costa

Visto o escrito presentado por **Jorge Petrovich Costa**, de data 14/07/2025 (Rexistro de entrada nº 14.181), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira ("Caseta Patitos"), os días 18 a 25/07/2025, na zona do Malecón, co motivo da celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** a instalación dunha atracción de feira ("Caseta Patitos"), os días 18 a 25/07/2025, na zona do Malecón, co motivo da celebración das Festas da Dorna; debido a que esa zona é espazo de dominio de Portos de Galicia.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

32.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – José Pedro Pinsag Isama

Visto o escrito presentado por **José Pedro Pinsag Isama**, de data 11/07/2025, no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Roupa e xoguete - 10,00 m.), durante a celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- a) **NON AUTORIZAR** a **José Pedro Pinsag Isama** para a instalación dun posto de venda ambulante (Roupa e xoguetes - 10,00 m.), durante a celebración das Festas da Dorna, debido a que non especifica o lugar onde pretende instalarse.
- b) **Dar traslado deste acordo á Policía Local para para o seu coñecemento.**
- c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

33.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Zoila Cahuasqui Anrango

Visto o escrito presentado por **Zoila Cahuasqui Anrango**, de data 08/07/2025, no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Roupa e xoguetes - 12,00 m.), durante a celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **NON AUTORIZAR** a **Zoila Cahuasqui Anrango** para a instalación dun posto de venda ambulante (Roupa e xoguetes - 12,00 m.), durante a celebración das Festas da Dorna, debido a que non especifica o lugar onde pretende instalarse.
- b) **Dar traslado deste acordo á Policía Local para para o seu coñecemento.**
- c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

34.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Silvestre Costa Díaz

Visto o escrito presentado por **Silvestre Costa Díaz**, de data 10/07/2025 (Registro de entrada nº 17.411), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos) na Praza de Teruel, os días 18 a 24/07/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **AUTORIZAR** a **Silvestre Costa Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos) dentro da Praza de Teruel, os días 18 a 24/07/2025.
- b) **Dar traslado deste acordo á Policía Local para para o seu coñecemento.**
- c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

35.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Seck Diop Elhadji Ndongo

Visto o escrito presentado por **Seck Diop Elhadji Ndongo**, de data 15/07/2025 (Registro de entrada nº 17.290), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante na zona do Malecón, durante a a celebración das Festas da Dorna; debido a que



esa zona é espazo de dominio de Portos de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **NON AUTORIZAR** a **Seck Diop Elhadji Ndongo** para a instalación dun posto de venda ambulante na zona do Malecón, durante a celebración das Festas da Dorna; debido a que esa zona é espazo de dominio de Portos de Galicia.
- b) **Dar traslado deste acordo á Policía Local para para o seu coñecemento.**
- c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

36.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Antonio Moral Alcántara

Visto o escrito presentado por **Antonio Moral Alcántara**, de data 15/07/2025 (Registro de entrada nº 17.278), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Bocadillos – 8,50 m.), durante a celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **NON AUTORIZAR** a **Antonio Moral Alcántara** para a instalación dun posto de venda ambulante (Bocadillos – 8,50 m.), durante a celebración das Festas da Dorna, debido a que non especifica o lugar onde pretende instalarse.
- b) **Dar traslado deste acordo á Policía Local para para o seu coñecemento.**
- c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

37.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Silvia Rocío Pineda Maldonado

Visto o escrito presentado por **Silvia Rocío Pineda Maldonado**, de data 10/07/2025 (Registro de entrada nº 16.990), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Bisutería – 9,00 m.), durante a celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **NON AUTORIZAR** a **Silvia Rocío Pineda Maldonado** para a instalación dun posto de venda ambulante (Bisutería – 9,00 m.), durante a celebración das Festas da Dorna, debido a que non especifica o lugar onde pretende instalarse.
- b) **Dar traslado deste acordo á Policía Local para para o seu coñecemento.**
- c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



38.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Manuel Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Manuel Petrovich Díaz**, de data 14/07/2025 (Registro de entrada nº 17.227), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), os días 18 a 24/07/2025, na Praza de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Manuel Petrovich Díaz** para a instalación dous postos de venda ambulante (Mojitos), os días 18 a 24/07/2025, na Praza de Pontevedra.
- Antes do inicio da actividade deberá proceder ao para das correspondentes taxas municipais.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

39.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Eva Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Eva Petrovich Díaz**, de data 11/07/2025 (Registro de entrada nº 17.105), no que solicita autorización para a instalación de dous postos de venda ambulante (Patacas e Mojitos), os días 18 a 24/07/2025, na Praza de Teruel e de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Eva Petrovich Díaz** para a instalación dous postos de venda ambulante (Patacas e Mojitos), os días 18 a 24/07/2025, na Praza de Teruel e de Pontevedra.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

40.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Alicia Leon Otavalo

Visto o escrito presentado por **Alicia Leon Otavalo**, de data 15/07/2025 (Registro de entrada nº 17.330), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante, durante a celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- NON AUTORIZAR** a **Alicia Leon Otavalo** para a instalación dun posto de venda ambulante, durante a celebración das Festas da Dorna, debido a que non especifica o lugar onde pretende instalarse.



- b) **Dar traslado deste acordo á Policía Local para para o seu coñecemento.**
- c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

41.- APROBACIÓN DO MERCADILLO “EXPERIMENTAL CORRUBEDO 2025”

Considérase venda ambulante ou non sedentaria aquela realizada por comerciantes fose dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións- tenda.

Neste sentido, dada a importancia da venda ambulante como elemento dinamizador da economía e medio de promoción dos produtos locais, así como o feito de que este tipo de actividades requiren o uso de solo público, feito que debe conciliarse co interese xeral e basearse na seguridade e a saúde públicas, faise necesario o establecemento dun marco xurídico que desenvolva, regule, fomente e modernice o seu exercicio, neste caso con carácter experimental, para a Parroquia de Corrubedo.

Todo iso vén xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con iso a obrigación das Administracións Públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

CONSIDERANDO o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, séndolle aplicable a seguinte normativa: a Lei 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, e o artigo 1.2.º do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de mercados, Vicente Mariño de Bricio, de data 17/07/2025, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: -Autorizar con carácter experimental para o verán 2025 a creación dun mercadillo na Parroquia de Corrubedo no espazo que se delimita no plano adxunto á presente proposta e como parte integrante da mesma.

Segundo: -A celebración do devantito mercadillo terá lugar os **VENRES DE XULLO E AGOSTO, en horario de 10.00 h a 14.00 h.**

Terceiro: - O mercadillo de Corrubedo levarase a cabo a través das seguintes modalidades:

- a) postos desmontables instalados na vía pública
- b) mediante camións ou vehículos tenda

Cuarto: -De conformidade co artigo 70.2 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, as vendas efectuadas dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral non terán a consideración de ambulante.

Quinto: - O comercio ambulante de Corrubedo, do mesmo xeito que o resto das actividades comerciais, poderá exercerse por toda persoa física ou xurídica que, conforme á lexislación vixente, posúan a capacidade xurídica precisa e a condición de comerciante que establece a



lexislación mercantil e cumpran cos requisitos contidos na Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia

Sexto:

- a) En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante ou non sedentaria os bens ou produtos cuxa propia normativa o prohiba e aqueles outros que, en razón á súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico- sanitaria e de seguridade.
- b) En todo caso, non se poderán vender alimentos ou produtos alimentarios non envasados por quen careza do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación dos mesmos.

Sétimo: -O concello poderá fixar as taxas correspondentes pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo público nas distintas modalidades de venda ambulante.

Oitavo:

- a) O exercicio da venda ambulante, coas tipoloxías establecidas neste acordo, estará suxeita á obtención de licenza, correspondendo a este Concello a súa autorización, conforme ao disposto na presente Ordenanza, na Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e no resto de normativa de aplicación.

Posto que o número de autorizacións dispoñibles é limitado debido á escaseza de solo público habilitado para ese efecto, a duración das mesmas non poderá ser por tempo indefinido, debendo permitir, en todo caso, a amortización dos investimentos e unha remuneración equitativa dos capitais investidos.

As autorizacións outorgaranse por tempo determinado, sendo o seu prazo máximo de duración de cinco anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos.

- b) Serán requisitos inescusables para a concesión da mencionada autorización de venda ambulante os seguintes:

- 1.-Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, no imposto de actividades económicas.
- 2.-Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- 3.-Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- 4.-Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- 5.-Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen exixibles, se se tratase de persoas estranxeiras.
- 6.-As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- 7.-Dispor de seguro de responsabilidade civil.

Noveno: -Notifícalo presente acordo ós servizos municipais, en especial á Policía Local para a súa constancia e seguimento.

Décimo: -Facultar tanto ó Sr. alcalde-presidente como ó Sr. concelleiro delegado de mercados para garantir a plena efectividade do presente acordo.



42.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE – Alexander Sebastián Fernández

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por Alexander Sebastián Fernández, de data 11/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.077), no que solicita comunicación previa de inicio de actividade de Grip Surf School, ubicada na Praia da Ladeira (Lugar Pedra do Pino, 7 – Corrubedo – Ribeira (A Coruña)).

43.- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DE MEDIOS PARA A CELEBRACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DE NATACIÓN DE AUGAS ABERTAS “AROUSAMAN MANOLO O NACHO 2025” - DEPORTES

LOGO DE VER D. Juan Ramón Martínez Saiñas, en representación da ADC Arousaman, presenta escrito de data 19/05/2025, con número de rexistro de entrada municipal 11.524, solicitando:

“EL DÍA 25 DE JULIO 2025:

1. *DISPONER NUEVO AUDITORIO MUNICIPAL DE SANTA UXÍA DE RIBEIRA ESCENARIO PRINCIPAL Y SALA MULTIUSOS, SITO EN PLAZA DE CENTENARIO, DESDE LAS 12:00 HORAS HASTA LAS 23:00 HORAS.*
2. *DISPONER DESDE LAS 14:00 HORAS Y HASTA LAS 23:00 HORAS, DE PERSONAL DE CONTROL AUDIOVISUAL, DE SONIDO Y LUCES EN EL AUDITORIO MUNICIPAL DE SANTA UXÍA DE RIBEIRA.*

EL DÍA 26 DE JULIO DE 2025:

3. *ACOMPANIAMIENTO Y ASISTENCIA DE LANCHAS DE PROTECCIÓN CIVIL DE RIBEIRA CON DOS EFECTIVOS, DURANTE EL TRANSCURSO DE LA PRUEBA, ACOMPANIAMIENTO DESDE O GROVE HASTA RIBEIRA. DESDE LAS 9:00 HORAS EN O GROVE HASTA LAS 15:00 HORAS EN RIBEIRA O DESDE CANAL DE NAVEGACION.*
4. *UTILIZACIÓN DE LOS VESTUARIOS DEL POLIDEPORTIVO DE COROSO DE 12 A 17 HORAS.*
5. *AUTORIZACIÓN PARA LA UTILIZACIÓN DE ZONA DE PASEO DE COROSO (XUNTA PLANO). QUE EN ESTA ZONA HAYA SUBMINISTRO DE ELECTRICIDAD.*
6. *DOS CARPAS O PÉRGOLAS PARA EL DESARROLLO DE LA FILA ZERO.*
7. *USO DE LAS INSTALACIONES DEL EXTERIOR DEL INSTITUTO IES Nº 1. NOS REFERIMOS AL TECHADO EXTERIOR DEL PATIO Y BAÑOS PRÓXIMOS. DESDE LAS 10 A HASTA LAS 20 HORAS.*
8. *AMBULANCIA EN COROSO DESDE 12:00 HASTA 17:00 HORAS.”*

En documentación adxunta, argumenta:

“Que se disponen de los permisos concedidos por parte de:

- *Patrimonio Natural, a fin de proteger la pillara de la duna.*
- *Capitanía Marítima.*
- *Puertos de Galicia.*
- *Demarcación de Costas. “*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:



“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.

3. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

4. No expediente consta informe do departamento do cultura, o cal regula os aspecto da cesión e uso do Auditorio Municipal.
5. Consultado o GAEM de Ribeira, informan que están dispoñibles para colaborar no desenvolvemento da proba.

E DE VER o informe - proposta do técnico de deportes municipal e do concelleiro de deportes, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

- **Autorizar o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira ó 25 de xullo de 2025, de 12.00 a 23.00 horas**, a entidade solicitante ADC Arousaman para celebrar o evento solidario “Falando entre olas da VI Travesía Arousaman”.
- **Autorizar o servizo externo de conserxería, ao tratarse dun día festivo, que se encargue da apertura, acceso e peche da instalación (11:00 - 14:00 / 16:00 - 22:00 horas).**
- Trasladar esta petición á area municipal de Deportes para que atenda a asistencia do servizo técnico de son, iluminación e audiovisuais na execución do evento nesta instalación o día 25 de xullo de 2025 no horario que vai de 11.00-13.00 e 17.30 a 21.30 horas.
- **Conceder autorización a entidade ADC Arousaman para a celebración da VI Travesía Arousaman, o 26 de xullo de 2025** ao longo de toda a xornada. A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado (o solicitante argumenta ter os permisos necesarios de Patrimonio Natural, Capitanía Marítima, Portos de Galicia e Demarcación de Costas).
- **Dar traslado ao GAEM** da celebración do evento (a colaboración deste corpo no desenvolvemento da actividade, será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- **Autorizar o uso dos vestiarios do Centro de Raqueta Sta Uxía, o día 26 de xullo, de 12 a 17 horas** (os organizadores deberán coordinar a apertura dos mesmos cos responsables do departamento de deportes).
- **Autorizar a ocupación da zona do paseo solicitada**, segundo o plano que xunta o solicitante (ao lado dos baños públicos, fronte ás “Pedras de Patiño”).
- **Ceder 2 carpas do departamento de deportes** para o día do evento (os organizadores deberán revisar o material para ver se é adecuado ás súas pretensións).
- Con respecto ao uso das instalacións do **IES Nº1 de Ribeira, o Concello de Ribeira non é competente para autorizar a súa utilización.**
- Con respecto ao **servizo de ambulancia**, os organizadores dispoñen dunha subvención nominativa por parte do Concello, na cal poden incluír este gasto.
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.



- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que esta Alcaldía considere oportunas poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:35 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

